

## **Actualización 30/03/2020 Viaxe Francia 2020 4º ESO**

1. O **venres 27/03/2020** recibimos contestación vía email da axencia de Coruña, na que nos indican o seguinte respecto ás cuantías a reembolsar neste momento, á espera de reclamación Transavia viaxe volta.

\* **Total a devolver:** 620€ - (parte bono de Transavia que son sobre 97 eur) = **523 € aprox.**  
(La cantidad va a estar ahí entre los 518 € - 523 €).

(Seguen solicitando a Transavia o reembolso pero de momento a resposta non foi satisfactoria.)

2. Como xa lles indicamos na carta anterior, a axencia nos solicita os **datos da conta bancaria: nº e titular**, para proceder cando podan a facer os pertinentes reembolsos, polo que necesito os datos e a vosa autorización para lle enviar ditos datos, en caso contrario cando a situación se normalice e a axencia abra novamente as súas portas, poderedes ir por alí persoalmente.

3. Esperaremos **ata o venres 03/04/2020**, para enviar os datos á axencia, xa que de momento só me teñen enviado ditos datos 12 familias. Debido a que poden ser moitas familias as que non están a seguir a información pola páxina web, solicito enviar dita información a través doutras canles: chamanda teléfono, whatsapp,...

4. Tendo en conta que a meirande parte do alumnado **levou rifas para vender**, e que xa falamos coa axencia que ditos cartos non teñen que ser devoltos, á espera de novas por parte da Transavia, xa teriamos recuperado casi a totalidade dos cartos (algúns máis xa que levaron varios talonarios de rifas). O sorteo si que se vai a efectuar igualmente.

Ante calquera dúbida [rzdtutoria@gmail.com](mailto:rzdtutoria@gmail.com).

Moitas grazas por todas as vosas mostras de apoio e agradecementos.

Roberto Zuluaga Diaz

En Culleredo, a 30 de marzo de 2020